

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE CARBALLO E OS PROPIETARIOS DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 5456927NH2855N0001RM LINDEIRA CO CENTRO DE SAÚDE DE CARBALLO. RATIFICACIÓN.

«Na casa do Concello de Carballo, ás 16.30 horas do 24 de xullo de 2024

REUNIDOS

Estrella María Dolores Díaz Fraga con DNI [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED], da [REDACTED].

Ricardo Díaz Castro Rial con DNI [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación na avenida [REDACTED], de [REDACTED].

María Emmanuela Díaz Castro Rial con DNI [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED], da [REDACTED].

Cristina Díaz Castro Rial con DNI [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED], da [REDACTED].

José Fernando Varela Díaz con DNI [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED], da [REDACTED].

Ana Patricia Díaz Curiel con DNI [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED], de [REDACTED].

Antonio Díaz Curiel con DNI [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED], de [REDACTED].

INTERVEÑEN

No seu propio nome e dereito, facéndoo ademais:

Estrella María Dolores Díaz Fraga, en representación de:

José Díaz Fraga co DNI [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación na [REDACTED], da [REDACTED]; segundo poder notarial autorizado polo notario da Coruña, Francisco Manuel López Sánchez, en data 10/07/2015 nº 1499 do seu protocolo.

Alberto Díaz Fraga co DNI [REDACTED] e con enderezo a efectos de notificación en [REDACTED]; segundo poder notarial autorizado polo notario de Marbella, Luis Plá Rubio, en data 02/02/2024 nº 562 do seu protocolo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



María Varela Díaz co DNI [REDACTED], con enderezo en [REDACTED] e con enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED], da [REDACTED]; segundo poder notarial autorizado polo notario da Coruña, Emilio López de Paz, en data 24/11/2015 nº 1061 do seu protocolo.

José Fernando Varela Díaz, en representación de:

Gumersindo Varela Díaz co DNI [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación na [REDACTED]; segundo poder autorizado polo notario de Barcelona, Diego de Dueñas Alvarez, en data 12/12/2007 nº 3304 do seu protocolo.

María Emmanuela Díaz Castro Rial, en representación de:

María Amelia Díaz García co DNI [REDACTED] e con enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED]; segundo poder autorizado polo notario de Santa Cruz de Tenerife, José Manuel Jiménez Santoveña, en data 26/02/2024 nº 389 do seu protocolo.

José Díaz García co DNI [REDACTED] e con enderezo a efectos de notificación na [REDACTED]; segundo poder autorizado polo notario de Santa Cruz de Tenerife, José Manuel Jiménez Santoveña en data 26/02/2024 nº 389 do seu protocolo.

Manuel Raimundo Díaz García co DNI [REDACTED] e con enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED]; segundo poder autorizado polo notario de Santa Cruz de Tenerife, José Manuel Jiménez Santoveña, en data 23/02/2024 nº 388 do seu protocolo.

María Begoña Díaz García co DNI [REDACTED] e con enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED]; segundo poder autorizado polo notario de Santa Cruz de Tenerife, José Manuel Jiménez Santoveña, en data 23/02/2024 nº 388 do seu protocolo.

Ana Patricia Díaz Curiel, en representación de:

María Gala Díaz Curiel co DNI [REDACTED] e con enderezo a efectos de notificación na rúa [REDACTED]; segundo poder autorizado polo notario de Porriño, Santiago Martínez Carrera, en data 27/03/2024 nº 929 do seu protocolo.

Evencio Ferrero Rodríguez, con DNI 76301823J na súa condición de Alcalde, actuando en nome e en representación do Concello de Carballo (A Coruña), en virtude das facultades que lle outorga o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Interveñen nas súas respectivas condicións de propietarios da parcela descrita e Alcalde do Concello, segundo se manifestou.

Asiste ao acto, **Susana Mariño Lorenzo**, Secretaria Accidental do Concello de Carballo (A Coruña), como feudataria, en uso das facultades outorgadas polo artigo 3.2.i) do Real

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Os reunidos, recoñécense reciprocamente, no concepto das súas respectivas intervencións, capacidade legal suficiente para obrigarse en virtude do presente «*Convenio de execución do planeamento urbanístico para a cesión anticipada de parcela con referencia catastral 5456927NH2855N0001RM e recoñecemento do aproveitamento urbanístico que corresponde aos propietarios respecto do ámbito SUNC UU-R17*», e para ese efecto **EXPOÑEN** os seguintes antecedentes e fundamentos xurídicos:


ANTECEDENTES

I.- Que os comparecentes e os seus representantes son propietarios por xustos e lexítimos títulos da totalidade da parcela catastral 5456927NH2855N0001RM cuxa cesión se pretende, non figurando inscrita no Rexistro da Propiedade de Carballo; é parte da parcela descrita ao número 13 do expositivo IV da ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO ENTÓN DENOMINADO POLÍGONO 3 DO PXOM DE CARBALLO de data 07/11/2008 coa seguinte descrición:

"Terreno inculto denominado "GOUBEA DE ARRIBA", de cinco mil trescientos cincuenta y un metros cuadrados (5.351 m²). Linda: Norte, Luciano Vila Lago, y en parte José Díaz Fraga, Ricardo Díaz Fraga, Antonio Díaz Fraga, Manuel-Raimundo Díaz Fraga, Alberto Díaz Fraga, y Estrella Díaz Fraga; Sur, José-Antonio y Obdulia Varela Vilariño y Promociones Inmobiliarias Bercasa, S.L.; Este, calle Gregorio Marañón, José Díaz Fraga y Delia Díaz Fraga, calle Severo Ochoa, Promociones Inmobiliarias Bercasa, S.L.; y Oeste, Centro de Salud y Alberto Varela Trigo."

Non figura inscrita no Rexistro da Propiedade e está libre de cargas, gravames e arrendamentos (segundo manifestan). E así consta tamén recollido na Certificación do Rexistro da Propiedade de Carballo de data 13 de novembro de 2023.

II.- Segundo o Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo (aprobado definitivamente por Orde da CMAOT do 04/02/2016 da Xunta de Galicia, publicada no DOG e BOP o 26 de febreiro de 2016) a citada parcela, que ten unha superficie catastral de 855 m², está en terreos clasificados como solo urbano non consolidado coa cualificación de sistema local de equipamento para servizos varios (SL EQ-V) de carácter público existente (Pb-ex) incluídos no polígono SUNC UU-R17.



Situación da parcela na cartografía do PXOM

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



III.- En data de 29 de outubro de 2021, o Consello da Xunta aprobou o denominado Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria. Entre os obxectivos da Fase 1 de prioridade do devandito plan atópase a creación dun novo Centro Integral de Saúde (CIS) na Comarca de Bergantiños que se propón instalar na vila de Carballo, sobre a base do actual centro de saúde, sendo necesaria unha ampliación dos seus espazos, para dar cabida ao incremento de consultas, albergar consultas especializadas, ampliar a área de fisioterapia, mellorar a funcionalidade de radioloxía, crear unha área integral da muller e unha área de hemodiálise.

Para poder levalo a cabo necesítase unha ampliación do centro de saúde existente nunha superficie de 1.820,60 m² facilitando así a integración nunha única infraestrutura de toda a oferta asistencial para Carballo e comarca.

Respecto das distintas alternativas para a situación do CIS formuladas polo Concello de Carballo, a Consellería de Sanidade considerou como a única opción posible e viable a construción do mesmo de forma anexa ao edificio existente actualmente. A estes efectos, a Consellería remitiu, en data 17 de novembro de 2022, comunicación ao Concello na que especifica que a única parcela viable para a instalación do citado CIS é a parcela anexa ao actual centro de saúde.

En data de 21/12/2022 asínase un protocolo de colaboración entre o Concello de Carballo e o Servizo Galego de Saúde para a realización do citado CIS.

Por tanto, é necesario obter a propiedade do solo das parcelas afectadas para permitir a construción do citado CIS e, ao mesmo tempo, dotar de coherencia urbanística e reorganizar o ámbito. O medio que semella máis adecuado para a obtención dos terreos por medio da cesión anticipada dos mesmos é o convenio urbanístico cos seus propietarios. A obtención de terreos por convenio na mesma zona ten o correspondente precedente no convenio de execución de planeamento asinado entre o Concello de Carballo e o propietario da parcela con referencia catastral 5456915NH2855N0001GM.

Os terreos correspondentes ao presente convenio de cesión anticipada (parcela catastral 5456927NH2855N0001RM) son propiedade dos comparecentes e están clasificados como solo urbano non consolidado coa cualificación de sistema local de equipamento para servizos varios (SLEQ-V) de carácter público existente (Pb-ex) incluídos no polígono SUNC UU-R17.

Por medio deste convenio, os propietarios manterán o aproveitamento urbanístico que corresponde a eses terreos ao tempo que se logra por parte da administración municipal a dispoñibilidade dos mesmos para permitir o funcionamento do equipamento previsto.

A dispoñibilidade efectiva e a cesión da titularidade da superficie dos solos afectados é necesaria e prioritaria para a execución da urbanización e construción do CIS por parte da Consellería de Sanidade.

Ao presente convenio chégase de común acordo coa propiedade despois de conversacións mantidas coa mesma.

IV.- Como antecedente previo remoto, temos que considerar a existencia dunha cesión previa ao concello de Carballo (aceptada polo Pleno municipal en sesión de data 09/12/1988) duns terreos cunha superficie duns 350 m² efectuada polos herdeiros de José Díaz Docampo (na actualidade os agora asinantes os Herdeiros Díaz Fraga) para a construción do edificio que alberga o actual Centro de Saúde. Na dita cesión inclúíanse unhas condicións, sen que polo Concello se chegase a completar as mesmas na súa integridade.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Ademais, existe outro antecedente previo remoto a considerar: a existencia dunha ocupación previa de facto polo concello de Carballo dun terreo lindeiro coa parcela onde se sitúa o edificio da Delegación de Facenda (parcela catastral número 5455502NH2855N0001LM) que pertencía, en parte, a don José Díaz Docampo e dona Prudencia Fraga Abelenda (pais e avós dos comparecentes respectivamente). A dita parcela foi ocupada polo Concello desde hai uns vinte anos e consta incorporada ao Inventario de bens municipal desde o ano 2009 co código de ben número 358. A mencionada incorporación realizouse sen que conste título de propiedade para a súa inscrición, senón unicamente como resultado dunha denominada "inspección física". A superficie desta parcela de acordo co establecido na cartografía do PXOM é de 1.155 m², dos que corresponden aos comparecentes uns 517 m².

A ocupación de feito dos terreos descritos foi realizada no seu día polo concello de Carballo sen que se producira ningunha contra prestación a favor dos seus propietarios orixinais, José Díaz Docampo e Prudencia Fraga Abelenda, ou aos seus lexítimos herdeiros, asinantes agora deste convenio.

V.- Con data do 02/04/2024 asinouuse a proposta de Convenio urbanístico de execución de planeamento entre o Concello de Carballo e os propietarios da parcela lindeira co centro de saúde de Carballo (finca coa referencia catastral 5456927NH2855N0001RM).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/04/2024 aprobouse: o texto inicial do Convenio urbanístico asinado en data 02/04/2024 e sometelo á información pública polo período dun mes.

A Secretaría Xeral deste concello con data do 18/06/2024, despois do período dun mes de exposición pública da proposta do convenio, emitiu o certificado da información pública co resultado de non terse presentadas nin alegacións nin reclamacións ao respecto.

A Xunta de Goberno Local de data 01/07/2024 aprobou e ratificou o texto definitivo do Convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I. Segundo o artigo 129.3. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), os terreos destinados a sistemas locais en solo urbano non consolidado obteranse (...)

e) Por convenio urbanístico entre a Administración e o propietario.

No artigo 165 e seguintes da mesma norma atopamos a regulación dos convenios urbanísticos.

II. O artigo 400 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG), regula os Convenios urbanísticos para a execución do planeamento.

III. Nos artigos 401 a 403 do RLSG establécense as cuestións relativas á formalización, perfección e publicidade dos convenios.

IV. O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público dispón:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



"1.- Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos público e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

E exposto o que antecede, ambas partes

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto do convenio.

O presente convenio a subscribir entre os propietarios da totalidade da parcela descrita no antecedente I e o Concello de Carballo encontra amparo xurídico ao abeiro do recollido nos artigos 167 da LSG e 398.3 b) do RLSG, os cales permiten a celebración de convenios urbanísticos para a execución do planeamento en vigor.

O presente convenio urbanístico formalízase para a execución do PXOM vixente e ten como obxecto a obtención do solo necesario para a ampliación do centro de saúde e á construción dun CIS por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, ao tempo que permite dotar de coherencia urbanística e reordenar o ámbito. Trátase dun convenio de innegable interese público, xa que supón unha grande mellora da asistencia sanitaria para a poboación de Carballo e a súa zona de influencia ao tempo que incide no propio desenvolvemento da zona. Así consta xa acreditado na Memoria xustificativa anexada ao presente convenio.

De conformidade co disposto no artigo 129.3 da LSG, o convenio urbanístico é, precisamente, un dos medios previstos legalmente para a obtención de terreos destinados a sistemas locais en solo urbano non consolidado. No suposto que nos ocupa cúmprense as premisas anteriores, xa que se trata dunha parcela clasificada como solo urbano non consolidado coa cualificación de sistema local de equipamento para servizos varios (SL EQ-V) de carácter público existente (Pb-ex).

Segundo.- Obrigas das partes.

A.- OBRIGAS DA PROPIEDADADE

A.1.- A propiedade acepta ceder, neste acto, ao Concello de Carballo a parcela descrita nos antecedentes, libre de cargas e gravames, a fin de posibilitar a súa posta a disposición da Consellería de Sanidade para execución das obras sinaladas no epígrafe anterior e de reordenación do ámbito. A tal efecto comparecerá no momento que sexa requirido para elo, se fora necesario, a realizar calquera acto, sinatura ou negocio xurídico que resulte necesaria para a formalizar o presente convenio e a transmisión da propiedade, reservándose o aproveitamento urbanístico da superficie obxecto de cesión.

A.2.- A propiedade comprométese a participar e facilitar a execución urbanística do ámbito de solo urbano non consolidado coa cualificación de sistema local de equipamento para servizos varios (SLEQ-V) de carácter público existente (Pb-ex) incluídos no polígono SUNC UU-R17, con pleno respecto aos seus dereitos e proporción aos seus deberes urbanísticos.

B.- OBRIGAS DO CONCELLO.

O Concello comprométese a:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- Aceptar a titularidade da superficie obxecto de cesión, coa reserva do aproveitamento urbanístico da mesma a favor dos comparecentes e dos seus representados, a fin de destinala á construción do CIS de Carballo por parte da Consellería de Sanidade e de reordenación do ámbito, segundo o exposto.
- Abonar os gastos e tributos que puidesen derivarse da inscrición rexistral do documento administrativo e os documentos públicos que foren necesarios para chegar a dita inscrición, así como calquera outro gasto inherente á mesma, notarial, rexistral, imposto, taxa ou arbitrio que resulte da firma do presente convenio.
- Recoñecer aos cedentes, os cales se reservan expresamente, o aproveitamento urbanístico que lle puidera corresponder pola superficie cedida no sector de solo do polígono SUNC UU-R17 unha vez que este se chegue a desenvolver, conforme a edificabilidade que establece a ficha do sector ($1,83 \text{ m}^2/\text{m}^2$, $A.T=1,72392400 \text{ ua}/\text{m}^2$).
- Iniciar a tramitación e cambiar o sistema de execución do polígono SUNC UU-R17 de compensación a cooperación na primeira metade do segundo trimestre deste ano 2024.
- Aprobar inicialmente o instrumento de equidistribución e de urbanización do polígono SUNC UU-R17 antes do derradeiro trimestre deste ano 2024.
- Reaxustar no instrumento de equidistribución a liña de delimitación do polígono SUNC UU-R17 polo linde leste na parcela situada entre as rúas Severo Ochoa e Gregorio Marañón para excluír do seu ámbito as parcelas números 12.3 e 12.4 da escritura de constitución da xunta de compensación do entón denominado polígono 3 do PXOM de Carballo de data 07/11/2008 ao tratarse de solo urbano consolidado.

Terceiro.- Toma de posesión.

A propiedade a medio da firma do presente documento, consinte e acepta expresamente, e pon ao dispor do Concello de Carballo a superficie da parcela citada, co fin de que poida executarse a obra de construción do mencionado CIS de Carballo e reordenar o ámbito, tendo por tanto o Concello de Carballo desde esta data a dispoñibilidade dos terreos.

Cuarto.- Réxime xurídico.

O presente convenio terá a consideración de urbanístico para a execución do planeamento de acordo cos artigos 165 e seguintes da LSG e 398 e seguintes do RLSG.

Quinto.- Eficacia e procedemento do convenio.

A validez e eficacia do presente convenio estará condicionada á súa aprobación polo órgano municipal competente ao amparo do disposto nos artigos 400 e seguintes do RLSG, someténdose o texto inicial do presente convenio ao trámite de información pública no DOG, nun xornal de maior difusión da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal polo prazo dun MES.

Sexto.- Natureza do convenio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



En virtude do sinalado no artigo 165.4 da LSG o presente convenio ten natureza administrativa. Para a resolución das cuestións litixiosas que puidesen suscitarse, relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia do órgano xurisdiccional contencioso-administrativo.

A formalización deste Convenio deberá realizarse en documento administrativo, sen prexuízo do dereito de calquera das partes a solicitar a súa elevación a escritura pública (artigo 402.1 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).»

E para que así conste e para os efectos oportunos, asínase o presente Convenio de Colaboración, por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

CONCELLO DE CARBALLO O alcalde Evencio Ferrero Rodríguez	Estrella María Dolores Díaz Fraga	Ricardo Díaz Castro Rial
María Emmanuela Díaz Castro Rial	Cristina Díaz Castro Rial	José Fernando Varela Díaz
Ana Patricia Díaz Curiel	Antonio Díaz Curiel	

Susana Mariño Lorenzo. Secretaria Accidental do Concello de Carballo
(aos efectos do disposto no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANEXOS AO CONVENIO

Ao presente convenio incorpóranse os seguintes ANEXOS:

- Anexo 1: Memoria xustificativa do convenio.
- Anexo 2: Plano de situación.
- Anexo 3: Plano catastral.
- Anexo 4: Ficha do polígono UU-R17.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANEXO 1. MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO.

Memoria xustificativa da necesidade do convenio urbanístico de execución de planeamento entre o Concello de Carballo e os propietarios da parcela con referencia catastral 5456927NH2855N0001RM. Cumprimento do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

1. Necesidade e oportunidade do convenio.

En data de 29 de outubro de 2021, o Consello da Xunta aprobou o denominado Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria. Entre os obxectivos da Fase 1 de prioridade do devandito plan atópase a creación dun novo Centro Integral de Saúde (CIS) na Comarca de Bergantiños, que se propón instalar na vila de Carballo, sobre a base do actual centro de saúde, sendo necesaria unha ampliación dos seus espazos para dar cabida ao incremento de consultas, albergar consultas especializadas, ampliar a área de fisioterapia, mellorar a funcionalidade de radioloxía, crear unha área integral da muller e unha área de hemodiálise.

Para poder levar a cabo necesítase unha ampliación do centro de saúde existente nunha superficie de 1.820,60 m² facilitando así a integración nunha única infraestrutura de toda a oferta asistencial para Carballo e comarca.

Respecto das distintas alternativas para a localización do CIS formuladas polo Concello de Carballo, a Consellería de Sanidade considerou como a única opción posible e viable a construción do mesmo de forma anexa ao edificio existente actualmente. A estes efectos, a Consellería remitiu, en data 17 de novembro de 2022, comunicación ao Concello na que especifica que a única parcela viable para a instalación é a anteriormente indicada acompañada dun borrador do protocolo para construír o edificio na parcela anexa ao edificio cualificada como equipamento co código SLEQ2-V.

A tal fin asinouse xa un convenio co propietario da Finca rexistral 46771 (catastral 5456915NH2855N0001GM) anexa ao actual centro de saúde para a obtención dos terreos de forma anticipada análogo ao presente, publicado no DOG do 5 de maio de 2023.

Ademais, a parcela na que se ten previsto instalar o mencionado CIS ten, pola zona leste, unha superficie catastral de 855 m² que está en terreos clasificados como solo urbano non consolidado coa cualificación de sistema local de equipamento para servizos varios (SLEQ-V) de carácter público existente (Pb-ex) incluídos no polígono SUNC UU-R17. A dita superficie correspóndese coa parcela catastral 5456927NH2855N0001RM e pertence a outros propietarios distintos dos asinantes do convenio citado, polo que semella necesario para acadar a dispoñibilidade da totalidade da parcela descrita, instar un novo mecanismo xurídico conveniando cos propietarios afectados. Posibilitaríase, deste xeito, unha reordenación completa e adecuada da parcela obxecto de cesión e do propio ámbito no que se actúa.

A dispoñibilidade efectiva e a cesión da titularidade da superficie dos solos afectados é necesaria e prioritaria para a execución da urbanización e construción do CIS por parte da Consellería de Sanidade.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



A posibilidade de obtención de terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais en solo urbano non consolidado por medio do mecanismo de convenio urbanístico entre Administración e propietario ven avalada expresamente polo artigo 129 da LSG. O recurso ao convenio urbanístico resulta vantaxoso para o Concello desde o momento que se obteñen anticipadamente os terreos precisos, ao tempo que se adiantan os prazos para a súa adquisición respecto a outros medios como serían a ocupación directa, a permuta ou mesmo a expropiación (no caso de que esta resultase posible).

Polo tanto, e co fin de obter a totalidade dos terreos nos que implantar o CIS e ao mesmo tempo levar a término a reordenación definitiva do ámbito semella adecuado instar a celebración dos correspondentes convenios urbanísticos cos propietarios afectados, que son neste caso: José, Ricardo, Antonio, Manuel-Raimundo, Alberto, Delia e Estrella Díaz Fraga ou os seis herdeiros.

2. Impacto económico.

O custo económico que o convenio puidese implicar para o Concello resulta sobradamente xustificado coa obtención dos terreos descritos, ao tempo de que o feito de recoñecerlle o aproveitamento urbanístico que lle puidera corresponder aos cedentes pola superficie cedida no sector de solo urbano non consolidado coa cualificación de sistema local de equipamento para servizos varios (SLEQ-V) de carácter público existente (Pb-ex) incluídos no polígono SUNC UU-R1 unha vez que este se chegue a desenvolver, non supón máis que a explicitación dun dereito xa adquirido polo propietario.

3. Carácter non contractual.

Este convenio non ten carácter contractual, xa que o seu obxecto é obter os terreos necesarios para a ampliación do centro de saúde existente para a creación do denominado CIS que facilite a integración nunha única infraestrutura de toda a oferta asistencial para Carballo e comarca, non supoñendo en ningún caso prestación de servizos e, por tanto, non lle resulta de aplicación o establecido na Lei de contratos co sector público.

4. Cumprimento da lei.


O presente convenio cumpre cos requisitos esixidos pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, contemplados nos artigos 47 e seguintes, así coma o recollido nos artigos 165 e 167 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANEXO 2. PLANO DE SITUACIÓN



CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO
 A Coruña

**ANEXO 4. FICHA DA ÁREA DE REPARTO UU-R17**

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL – CONCELLO DE CARBALLO

DENOMINACIÓN	UU-R17		
ÁREA DE REPARTO	ARUU-R17		
SISTEMAS XERAIS ADSCRITOS Á ÁREA DE REPARTO	-		
SISTEMAS XERAIS INCLÚIDOS NA ÁREA DE REPARTO	-		
POLÍGONOS DA ÁREA DE REPARTO	ÚNICO		
CLASE DE SOLO	URBANO NON CONSOLIDADO		
USO GLOBAL	RESIDENCIAL		
USOS PROHIBIDOS	INDUSTRIAL		
USOS COMPATIBLES	O RESTO		
TIPOLOXÍA PREDOMINANTE	RESIDENCIAL COLECTIVA		
SISTEMAS EXISTENTES NA ÁREA DE REPARTO (Xerais/ Locais)			
Espazos Libres e Zonas Verdes	0,00 m ²		
Equipamentos	0,00 m ²		
Dominios públicos existentes totais	0,00 m ²		
PARÁMETROS DO APROVEITAMENTO			
SUPERFICIE NETA DA ÁREA DE REPARTO	27187,00 m ²		
SUPERFICIE NETA DO POLÍGONO	27187,00 m ²		
COEFICIENTE DE EDIFICABILIDADE	1,83 m ² /m ²		
EDIFICABILIDADE MÁXIMA DO POLÍGONO	49870,00 m ²		
APROVEITAMENTO TIPO DA ÁREA DE REPARTO	1,72392400 ua/m ²		
EXCESO DE APROVEITAMENTO	0,00 ua		
CESIÓNS ESTIPULADAS DA ÁREA			
	SISTEMAS LOCAIS	SISTEMAS XERAIS ADSCRITOS AO POLÍGONO	SISTEMAS XERAIS INCLÚIDOS NO POLÍGONO
Espazos libres e zonas verdes	1115,00 m ²	0,00 m ²	0,00 m ²
Equipamentos	2360,00 m ²	0,00 m ²	0,00 m ²
Viarío - Aparcamentos	267 prazas	0,00 m ²	0,00 m ²
XESTIÓN			
INICIATIVA DE PLANEAMENTO	PRIVADA		
FIGURA DE PLANEAMENTO	---		
SISTEMA DE ACTUACIÓN	COMPENSACIÓN		
PRAZO	1º cuatrienio		
CRITERIOS DE ORDENACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN			
<p>Ámbito e Obxectivos A Unidade Urbana está situada a carón do Centro de Saúde, co obxectivo de completar as dotacións da zona e a malla urbana na zona.</p> <p>Criterios de ordenación, xestión e execución O uso característico é o residencial cun 78,54% e o 21,46% restante a uso comercial terciario. A edificabilidade (1,83 m²/m²) do polígono destinarase para uso residencial nun 70,54 % en vivenda colectiva e o 8% restante en vivenda en algun rexime de protección. O PXOM incorpora as determinacións deste ámbito en proceso de desenvolvemento.</p>			
OBSERVACIÓNS			
Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindadeiras. Incorporase a ordenación pormenorizada do ámbito.			

FICHAS DE DESENVOLVEMENTO

